



## OFERTA PERSOAL ESTATUTARIO 2022 Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico

### 2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

#### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.  
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO  
DA FOLLA DE RESPPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



**1. O técnico de radiodiagnóstico en quirófano, terá en conta:**

- A) Utilizar elementos de radioprotección.
- B) Coñecer o manexo do equipo de RX antes da intervención.
- C) Respetar as medidas de asepsia.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

**2. O ruído en radioloxía dixital:**

- A) Non depende da dose.
- B) A maior tamaño do píxel menos ruído.
- C) A maior tamaño do píxel máis ruído.
- D) Mellora a imaxe.

**3. ¿En que ósos se atopan as partes petrosas?:**

- A) Temporais.
- B) Parietais.
- C) Malares.
- D) Maxilares.

**4. A unidade no Sistema Internacional de dose absorbida é:**

- A) Gray.
- B) Culombio/Kg.
- C) Rem.
- D) Sievert.

**5. Á infiltración gasosa do tecido pulmonar, chámasele:**

- A) Enfisema pulmonar.
- B) Empiema pulmonar.
- C) Edema pulmonar.
- D) Todas son falsas.

**6. Que órganos son retroperitoneais?**

- A) Fígado.
- B) Vesícula biliar.
- C) Bazo.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**7. Que estudo se realizará para confirmar pneumoperitoneo por perforación de víscera oca abdominal?**

- A) Placa de tórax en PA en bipedestación.
- B) Placa do abdome en decúbito supino.
- C) Placa do abdome en decúbito prono.
- D) As respostas A e C son correctas.

**8. A capa hemirreductora defínese como:**

- A) O espesor de material necesario para reducir a intensidade do feixe de radiación á metade.
- B) O espesor de material necesario para reducir a calidade do feixe de radiación á metade.
- C) O filtro necesario para eliminar a radiación de baixa enerxía.
- D) O espesor de material necesario para reducir a calidade do feixe de radiación nun décimo.

**9. ¿Como se chama o tecido mamario que se estende cara a axila?:**

- A) Cola da mama.
- B) Aréola.
- C) Suco inframamario.
- D) Ligamento de Cooper.

**10. Son equipos híbridos, sinala a resposta verdadeira:**

- A) SPECT/TAC.
- B) PET/TAC.
- C) PET/RM.
- D) Todas as anteriores son certas.

**11. En relación con ENRESA, é certo que:**

- A) É a empresa nacional de residuos radiactivos S.A.
- B) Entre os seus labores principais atópase a recollida, transporte, tratamento, almacenamento e control dos residuos radioactivos xerados en España.
- C) Encárgase do desmantelamento de instalacións nucleares e radioactivas en desuso e a investigación-desenvolvemento de solucións para os residuos radioactivos.
- D) Todas as anteriores son certas.

**12. Cando realizamos unha sialografía, que estamos a estudar?**

- A) O páncreas.
- B) As glándulas salivares.
- C) A vía biliar de forma retrógrada.
- D) Unha fístula perianal.

**13. A unión do colédoco co duodeno recibe o nome de:**

- A) Colédoco.
- B) Papila basilar.
- C) Papila de vater.
- D) Papila vascular.

**14. En ecografía, "anecoico" significa que:**

- A) Produce moitos ecos.
- B) Produce poucos ecos.
- C) Non produce ecos.
- D) Produce máis ou menos ecos dependendo do transductor escollido.

**15. Nun estudo baritado, onde localizaría o divertículo de ZENKER?**

- A) No ileon, aproximadamente a uns 50cm da válvula ileocecal.
- B) Na segunda porción do duodeno.
- C) No esófago proximal.
- D) Na traquea, 2 cm por baixo da carina.

**16. O efecto fotoeléctrico supón:**

- A) A dispersión de fotóns.
- B) A absorción de fotóns polo medio.
- C) A materialización da enerxía.
- D) A emisión de neutróns.

**17. Na gammagrafía ósea simple, a adquisición de imaxes realízase:**

- A) No primeiro minuto tras a administración do radiofármaco.
- B) Dez minutos despois da administración do radiofármaco.
- C) 2-3 horas trala administración del radiofármaco.
- D) Un día despois da administración do radiofármaco.

**18. Cal das seguintes afirmacións é correcta sobre as técnicas de postprocesado nos estudos de angiografía por TC?**

- A) As reconstrucións multiplanares (MPR) son as máis indicadas para o estudo de vasos sanguíneos.
- B) As proxeccións de máxima intensidade (MIP) son de elección en vasos moi calcificados.
- C) As técnicas de reconstrución volumétrica (VR) teñen unha escasa utilidade nos estudos vasculares.
- D) A reconstrución planar curva (CPR) permite visualizar o segmento do vaso de interese en toda a súa extensión.

**19. Nun estudo ecográfico. Como se vería un cálculo no interior da vesícula biliar?**

- A) Lesión anecoica con sombra acústica posterior.
- B) Lesión hiperecoxénica con sombra acústica posterior.
- C) Lesión anecoica sen sombra acústica posterior.
- D) Lesión hiperecoxénica sen sombra acústica posterior.

**20. Que fariamos se ao realizar un estudo con contraste a un paciente, este fai unha extravasación?**

- A) Paramos o estudo e chamamos ao radiólogo.
- B) Paramos o estudo, avisamos ao radiólogo e mentres, levantamos o brazo ao paciente e aplicámoslle frío.
- C) Paramos momentaneamente e continuamos o estudo sen necesidade de avisar ao radiólogo.
- D) Continuamos o estudo ata o final e avisamos ao radiólogo.

**21. Os efectos deterministas:**

- A) Dependen da dose.
- B) Non teñen dose limiar.
- C) Sempre producen mutacións cromosómicas.
- D) A súa aparición é tardía.

**22. O Real Decreto polo que se establecen os criterios de calidade en radiodiagnóstico é:**

- A) Ningún.
- B) RD 1976/1999, do 23 de decembro.
- C) Lei 14/1986, do 25 de abril.
- D) RD 139/2020.

**23. De que depende a captación dos radiofármacos en estudos óseos?**

- A) Da actividade ósea.
- B) Da actividade osteoclástica.
- C) Da actividade osteoblástica.
- D) As respostas A e C son correctas.

**24. O almacenamento de residuos en O Cabril baséase no uso de barreiras, sinala a INCORRECTA:**

- A) A primeira barreira é a matriz de inmovilización do residuo e o contedor de almacenamento.
- B) A segunda barreira é a estrutura de almacenamento.
- C) A terceira é a barreira xeolóxica.
- D) A cuarta é a barreira espacial.

**25. Os efectos estocásticos:**

- A) A doses baixas non se producen.
- B) Non teñen dose limiar.
- C) Aparecen de inmediato.
- D) Non son aleatorios.

**26. O único caso no que a hemorraxia non debe deterse é:**

- A) Epistaxe.
- B) Otorraxia.
- C) Hemorraxias anais.
- D) Todas deben deterse.

**27. As proxeccións oblicuas da columna cervical serven para:**

- A) Ver os buracos intervertebrais e os arcos vertebrais.
- B) Ver a apófise odontoides.
- C) Valorar a flexibilidade do paciente.
- D) Maior comodidade do paciente.

**28. Que medios de contraste considéranse contrastes positivos:**

- A) Compostos de Bario.
- B) Compostos de Iodo.
- C) Aire.
- D) A e B son correctas.

**29. Para a realización dun TC ante a sospeita dunha rotura aneurismática:**

- A) Administraráselle contraste oral previo.
- B) Realizaráselle primeiro un estudo sen contraste endovenoso e un segundo estudo con contraste endovenoso.
- C) Administraráselle contraste oral e endovenoso.
- D) Debido á urxencia non se lle administrará contraste algún.

**30. A cantidade de fotóns de raios x que saen do tubo depende:**

- A) Da masa do feixe.
- B) Do láser de centraxe.
- C) Do mA e do Kvp.
- D) Do espesor do paciente.

**31. O corazón atópase en:**

- A) No mediastino superior.
- B) No mediastino anterior.
- C) No mediastino posterior.
- D) Todas son falsas.

**32. En relación á preparación dun paciente para un estudo PET-TAC, sinale a resposta INCORRECTA:**

- A) Inclúe un xaxún de seis horas así como un óptimo nivel de glicosa en sangue.
- B) As imaxes obtéñense aos 60 minutos, desde a base do cranio ata terzo medio de coxas.
- C) A adquisición dun estudo PET-TAC ten tres fases, realización dun topograma, realización dun estudo TAC e posteriormente a adquisición tomográfica de emisión de positróns (PET).
- D) As imaxes obtéñense aos 180 minutos, desde a base do cranio ata terzo medio de coxas.

**33. Das seguintes articulacións, cales son as máis afectadas pola artrite reumatoide?**

- A) Xeonllos.
- B) Mans e pés.
- C) Costocondrais.
- D) Cadeiras.

**34. Para a opacificación das asas intestinais nos estudos de abdome empréganse:**

- A) Contrastes intravenosos.
- B) Contrastes rectais.
- C) Contrastes orais.
- D) Contrastes intramusculares.

**35. O brillo na imaxe dixital:**

- A) É a intensidade da luz que representa os píxeles individuais na imaxe do monitor.
- B) Non depende do software.
- C) Se a imaxe é clara ten pouco brillo.
- D) Se a imaxe é escura ten moito brillo.

**36. As radiacións  $\beta^+$ (beta positivo) en que aplicación médica de diagnóstico por imaxe se utilizan?**

- A) Gammagrafía.
- B) Radiodiagnóstico.
- C) PET.
- D) RIA.

**37. Respecto ao protocolo do Colonotac:**

- A) Precisa preparación intestinal a noite e a mañá antes do estudo, con dieta pobre en residuos.
- B) É necesario contraste oral e intraveoso.
- C) Realízase unicamente co paciente en supino.
- D) Ao finalizar o estudo non é necesario esperar á saída de aire rectal antes de retirar o catéter.

**38. En protección radiolóxica, a que denominamos valor "ALARA "?**

- A) A que a instalación estea ben protexida.
- B) A que as exposicións ás radiacións deben manterse tan baixas como sexa posible.
- C) A que debemos limitar sempre o número de estudos radiolóxicos.
- D) A que o beneficio dunha radiografía sexa sempre maior ao dano.

**39. Como se denominan as articulacións tarso metatarsianas?**

- A) De Lisfranc.
- B) De Chopart.
- C) De Orson.
- D) Non teñen outro nome.

**40. Nos estudos de radioloxía pediátrica hai un factor da técnica de exploración que é fundamental. Sinala cal é:**

- A) Alto quilovoltaxe.
- B) Baixo quilovoltaxe.
- C) Curtos tempos de exposición.
- D) Baixo miliamperaxe/segundo.

**41. Cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- A) No protocolo de tromboembolismo pulmonar, a rexión de interese colócase no ventrículo esquerdo.
- B) Nos estudos de sospeita de síndrome aórtico agudo, é recomendable unha adquisición basal de tórax sen contraste iodado intravenoso.
- C) Nos estudos de arterias coronarias, débese sincronizar a adquisición coa fase sistólica do ciclo cardíaco.
- D) No protocolo de angiografía por TC de membros inferiores, a rexión de interese débese colocar nas arterias distales da perna, para asegurar que o contraste chegou aos pés.

**42. ¿Cal NON é unha rama da aorta?:**

- A) Tronco celíaco.
- B) Arteria renal dereita.
- C) Vena cava superior.
- D) Arteria mesentérica superior.

**43. En relación ao tecnecio (99mTc), é certo que:**

- A) É un emisor gamma puro.
- B) Ten unha vida media de 6 horas.
- C) É o isótopo "ideal".
- D) Todas son certas.

**44. ¿Cal NON é un criterio do Programa de Garantía de Calidade dos aspectos clínicos?:**

- A) A xustificación da proba.
- B) O informe do radiólogo.
- C) O informe da reparación dun equipo.
- D) A elección da técnica axeitada seguindo protocolos establecidos.

**45. Con respecto á TC no estudo do aparello urinario:**

- A) Os cálculos de ácido úrico non son visibles na TC.
- B) É necesaria a administración de contraste intraveoso para a detección de litíase na vía urinaria.
- C) A presenza de dilatación da vía urinaria pode ser un signo directo de obstrución.
- D) O estudo da vía urinaria ao completo realízase fundamentalmente mediante as fases de adquisición vascular e nefrográfica.

**46. A densitometría ósea:**

- A) Non serve para valorar o risco individual de fractura.
- B) É moi pouco efectiva para o estudo de perda de óso.
- C) Pode realizarse mediante TC.
- D) Non está indicada en pacientes con hipertiroidismo primario ou alteracións endocrinas adicionais.

**47. ¿Cal é un axente embolizante empregado en vasos cerebrais?:**

- A) Stent.
- B) Coil.
- C) Shunt.
- D) Reservorio.

**48. Nun aparato portátil de Rx para quirófano é necesario:**

- A) Que teña intensificador de imaxe.
- B) Que utilizemos radioscopia intermitente.
- C) Que o persoal sanitario que está a traballar estea protexido.
- D) Todas son correctas.

**49. En TC, ao producirse un varrido, o sistema de adquisición de datos (SAD) converte as medicións de atenuación dos RX en:**

- A) Enerxía de onda curta.
- B) Ondas de alta frecuencia.
- C) Imaxes radiográficas.
- D) Sinais dixitais.

**50. Se na petición da proba, non figura consignado o número de historia clínica:**

- A) Devolverá o documento a admisión e non realizará a proba ata que a documentación estea completa.
- B) Se ten acceso ao sistema informático buscará o número de historia no sistema central.
- C) Realizará a exploración sen preocuparse.
- D) Ningunha das anteriores é correcta.

Preguntas de reserva

**51. En canto ás fases de xestión integral dos residuos por ENRESA, sinala a resposta INCORRECTA:**

- A) Planificación e retirada.
- B) Transporte, tratamento y acondicionamento.
- C) Almacenamento temporal.
- D) Todas son falsas.

**52. En relación aos radiofármacos utilizados nos estudos PET na práctica clínica, sinala a resposta verdadeira:**

- A) O máis frecuentemente utilizado é o tecnecio.
- B) O máis frecuentemente utilizado é a  $^{18}\text{F}$ -FDG (Fluorodesoxiglicosa).
- C) O tecnecio, ten un período de semidesintegración duns 110 minutos.
- D) O  $^{18}\text{F}$ -FDG (Fluorodesoxiglicosa), ten un período de semidesintegración duns 20 minutos.

**53. A vértebra C1 atópase a nivel de:**

- A) Gonión.
- B) Punta mastoidea.
- C) Cartílago tiroides.
- D) Nasión.

**54. A colangiografía postoperatoria realízase para comprobar o tracto biliar ademais de:**

- A) As suturas intrahepáticas.
- B) A permeabilidade do duodeno.
- C) A presenza ou non de cálculos en colédoco.
- D) Ningunha é correcta.

**55. Un técnico adscrito a unha unidade de quirófano de traumatoloxía ten unha clasificación radiolóxica de persoal:**

- A) Categoría A.
- B) Non existe unha clasificación para traballadores expostos.
- C) A súa categoría é indiferente.
- D) Categoría B.

**56. Un tórax en espiración forzada solicítase se se sospeita de:**

- A) Hidrotórax.
- B) Neumotórax.
- C) Quilotórax.
- D) Hemotórax.

**57. Nun paciente politraumatizado queremos valorar a diástase da pube que proxección debemos realizar?**

- A) Proxección de Rhese.
- B) AP da pelve.
- C) Proxección alar.
- D) Proxección obturatriz.

**58. Nun mozo que sufriu unha caída de bicicleta, sospéitase dunha fractura de Smith, que proxeccións debemos realizar?**

- A) De cúbado AP e LAT.
- B) Do pulso AP e LAT.
- C) Do nocello AP e LAT.
- D) De pé dorsoplantar e dorsoplantar oblicua.

**59. Pídenos un cavum, debe realizase:**

- A) En espiración forzada.
- B) En inspiración normal.
- C) En apnea.
- D) Todas son falsas.

**60. Pídenos un Tc dun neno con contraste, a cantidade de contraste a inxectar depende de:**

- A) A talla.
- B) A patoloxía.
- C) O peso.
- D) A idade.

**61. A angioplastia coronaria transluminal percutánea é un procedemento para:**

- A) Tratar hemorraxias.
- B) Disolver trombos.
- C) Dilatar ou recanalizar áreas ocluídas ou estenosadas.
- D) Taponar malformacións arteriovenosas.

**62. Un paciente presenta ictericia provocada pola obstrución das vías biliares, qué proba se realizará preferentemente ?:**

- A) Colangiografía.
- B) CPRE (colangiopancreatografía retrógrada endoscópica).
- C) Uretrografía retrógrada.
- D) Vesiculografía.

**63. Realizado un estudo de unha radiografía simple de abdome a un paciente, visualízanse calcificacións grises, ben definidas e redondas, que sospeitaríamos?**

- A) Miomas.
- B) Litíases calcificadas.
- C) Masas tumorais.
- D) Calcificacións malignas.

**64. A un paciente puncionóuselle unha vea do dorso do pé para introducir contraste, ¿que estudo váiselle a realizar?:**

- A) Arteriografía.
- B) Eco Doppler.
- C) Flebografía.
- D) Linfografía.

**65. Trala realización dun estudo con contraste iodado, o paciente sofre un shock cardiovascular por administración de contraste iodado. Que fármaco dos que se citan a continuación é o máis esencial?**

- A) Adrenalina.
- B) Antihistamínicos.
- C) Corticoides.
- D) Todas as respostas son correctas.

**66. Nun telemando acaban de diagnosticar a unha paciente de diverticulosis, que tipo de proba acabamos de realizar?**

- A) Tránsito intestinal.
- B) Enema opaco.
- C) Esofagograma.
- D) UIV.

**67. Durante unha aortografía torácica pídesenos obter unha vista OAI, ¿que estrutura veremos sen superposicións?:**

- A) Arteria ilíaca.
- B) Polígono de Willis.
- C) Tronco celíaco.
- D) Caxato da aorta.

**68. ¿Que observaremos durante unha arteriografía cerebral vertebral?:**

- A) A circulación cerebral posterior.
- B) A medula espiñal.
- C) As meninxes.
- D) A circulación portal.

**69. Chega ao servizo de radioloxía un doente derivado do servizo de Urxencias cun Dímero D elevado e queren descartar un TEP, que proba lle realizaríamos?**

- A) Anxio-TC de aorta torácica.
- B) Anxio-TC de arterias pulmonares.
- C) Anxio-TC de troncos supraaórticos.
- D) Anxio-TC de aorta abdominal.

**70. Que radiografía debemos realizar a un paciente cando o traumatólogo quere confirmar unha lesión de Hill-Sachs?**

- A) De ombreiro en rotación interna e axilar.
- B) AP e axial de cadeira.
- C) Tanxencial de rótula.
- D) AP (estrés) e lateral (estrés) de nocello.

**71. A distancia mínima foco-película en mamografía debe de ser:**

- A) O máis pequena posible se o feixe de radiación está ben filtrado.
- B) Sempre a máis pequena posible.
- C) 60 centímetros.
- D) 10 centímetros.

**72. Un paciente quedou estéril tras recibir radiación nos testículos, ¿que dose a causaríá?:**

- A) Ningunha, non existe a esterilidade radioinducida.
- B) 1 mGy.
- C) 0,5 mGy.
- D) 6 Gy.

**73. Os dosímetros termoluminescentes, ao quentalos tras ser expostos a radiación ionizante emiten:**

- A) Fotóns.
- B) Electróns.
- C) Protóns.
- D) Neutróns.

**74. Cal das seguintes afirmacións é correcta?**

- A) Ao quentar un dosímetro TLD, este emulsiona por contacto.
- B) A dose absorbida pode relacionarse coa luz emitida por un dosímetro TLD cando se quenta por baixo da incandescencia.
- C) Os detectores persoais están baseados en detectores Geiger.
- D) As emulsións fotográficas non son usadas en dosimetría.

**75. Aos departamentos de radiodiagnóstico e medicina nuclear, chegan moitos enfermos diabéticos. Que síntoma dos seguintes poden ser sinal de hipoglicemia?**

- A) Pel fría, suorenta e húmida.
- B) Nerviosismo e irritabilidade.
- C) Visión borrosa.
- D) Todas son correctas.

**76. Nun paciente con sospeita dun neumotórax, ademais da placa P.A de tórax, é conveniente realizar:**

- A) Unha broncografía.
- B) Unha placa de perfil.
- C) Unha P.A en máxima inspiración.
- D) Unha P.A. en máxima expiración.

**77. Tras realizar unha proxección mediolateral oblicua de mama, ¿que estruturas observará?:**

- A) Toda a mama, desde o músculo pectoral ata a mamila.
- B) Toda a mama excepto o prego inframamario.
- C) A mamila verase de fronte.
- D) O músculo pectoral só verase no 20%–30% dos casos.

**78. Como se introduce o contraste nunha pielografía retrógrada?**

- A) Oralmente.
- B) De maneira intraveosa.
- C) A través dunha sonda nasogástrica.
- D) A través dunha sonda ureteral.

**79. ¿Como angularemos o raio central para realizar unha AP Axial de cranio (Método Towne)?:**

- A) Caudal.
- B) Cranial.
- C) 0°, sen angulación.
- D) Paralelo ao receptor de imaxe.

**80. A proxección P.A. de tórax con angulación 30° caudal, constitúe unha variante de:**

- A) Proxección en 30° cranial.
- B) Proxección P.A. 30° caudal.
- C) Proxección lordótica con raio horizontal.
- D) Proxección lordótica con raio vertical.

**81. Ser portador dun marcapasos, é sempre incompatible para a realización dunha resonancia magnética?:**

- A) Sempre.
- B) Nunca.
- C) Depende do tipo de marcapasos.
- D) Depende do tempo do estudo.

**82. ¿Onde centraremos o raio central para realizar unha proxección lateral de ósos nasais?:**

- A) Na glabela.
- B) No acantion.
- C) 1,25 cm debaixo do nasión.
- D) No goniión.

**83. Tendo en conta o efecto "ánodo", como colocaremos ao paciente para realizar unhas radiografías de úmero?:**

- A) AP e lateral co cóbado cara á zona do ánodo do tubo e o ombreiro cara ao cátodo.
- B) AP e lateral co ombreiro cara a zona do ánodo do tubo e o cóbado cara ao cátodo.
- C) AP co ombreiro cara ao ánodo.
- D) Lateral co ombreiro cara ao ánodo.

**84. Nunha proxección oblicua do pulso, con apoio cubital desta e o raio entrando pola parte palmar, o óso que mellor diferenciamos é:**

- A) O escafoide.
- B) O pisiforme.
- C) O piramidal.
- D) Ningún deles en particular.

**85. Pídenos unhas radiografías funcionais de columna lumbar, faremos:**

- A) Oblicuas.
- B) Con xiro de cabeza a ambos lados.
- C) Lateral en flexión e extensión.
- D) Todas son falsas.

**86. Nun paciente acaban de diagnosticar un pneumoperitoneo. Se pola perforación saíu só unha pequena cantidade de aire, se poderá visualizar con:**

- A) RM.
- B) Abdome simple.
- C) TC.
- D) Ultrasóns.

**87. ¿Como obteremos maior resolución espacial traballando con sistemas dixitais de imaxe?:**

- A) Aumentando o tamaño do píxel.
- B) Reducindo a dose de radiación.
- C) Aumentando o FOV.
- D) Diminuíndo o FOV, e deixando igual ou aumentando o tamaño da matriz.

**88. Para unha radiografía de charnela dorso–lumbar, a colimación obríganos a:**

- A) Diminuír os valores de exposición con respecto á radiografía no seu conxunto.
- B) Aumentar os valores de exposición con respecto á radiografía no seu conxunto.
- C) Achegar ao paciente ao tubo de Rx.
- D) Afastar ao paciente do tubo de Rx.

**89. O medio de contraste para visualizar a vesícula pode administrase:**

- A) Por vía oral.
- B) Por vía intravenosa.
- C) Inxección directa nos condutos biliares.
- D) Todas son correctas.

**90. Nun estudo cardíaco a través de T.C. o grao de opacidade con contraste iodado dependerá de:**

- A) A velocidade de inxección.
- B) O volume total inxectado.
- C) A concentración do contraste.
- D) Todas son correctas.

**91. Ante a sospeita de pneumoperitoneo despois da radiografía simple de abdome, en paciente inestable e con limitacións de mobilidade, realizarase:**

- A) Decúbito lateral dereito.
- B) Decúbito lateral esquerdo.
- C) Supino con raio horizontal.
- D) Ningunha é certa.

**92. Temos unha paciente de 45 anos de idade, sospéitase que ten unha hernia de hiato, que estudo realizaremos para o seu diagnóstico?**

- A) TC de colon.
- B) Rx de tórax.
- C) EGD.
- D) Rx simple de abdome.

**93. Reparouse un equipo TC no noso servizo, sabemos que o informe da reparación arquivarase:**

- A) 1 ano.
- B) Ata que se volva a estragar.
- C) Durante o período de vida útil do equipo.
- D) Non se arquivará.

**94. No caso dun traumatismo abdominal con sospeita de dano doudenal e/ou mesentérico a proba para realizar é:**

- A) RM.
- B) TC con contraste.
- C) Anxiografía.
- D) Abdome simple.

**95. Nun estudo EGD, En que posición colocariamos ao paciente para ver o antro e o bulbo cheos de aire?**

- A) Decúbito lateral dereito.
- B) Decúbito prono.
- C) Oblicua posterior esquerda.
- D) Bipedestación.

**96. Cal NON será unha indicación de flebografía de membros inferiores?:**

- A) Trombose veosa profunda.
- B) Enfermidade varicosa.
- C) Aplasia valvular.
- D) Atrapamento da arteria poplítea.

**97. ¿Qué necesitamos para realizar unha técnica de magnificación en mamografía?:**

- A) Un punto focal groso.
- B) Unha plataforma de ampliación.
- C) Unha mesa de estereotaxia.
- D) Un arpón.

**98. Ante unha gammagrafía ósea con tecnecio negativa e cadro clínico de sospeita de infección osteo-articular:**

- A) Repetirase o estudo por se o radiofármaco non se captou correctamente.
- B) Realizárase unha radiografía da zona.
- C) Realizárase unha gammagrafía en tres fases.
- D) Ningunha é correcta.

**99. Para visualizar o conduto pancreático en Tc, que ten unhas dimensións que oscila entre 2 a 4 milímetros de sección, requírese:**

- A) Administración de C.I.V. para realzar parénquima.
- B) Realizar cortes moi finos.
- C) Subministrar abundante glicosa por vía oral.
- D) A e B son correctas.

**100. Para o diagnóstico da torsión aguda do cordón espermático, a técnica ideal e eficaz será:**

- A) Radiografía de abdome simple.
- B) TC.
- C) Eco Doppler cor.
- D) Mamografía.

**101. Antes de someterse a unha arteriografía cerebral, o paciente:**

- A) Comerá 2 horas antes da proba.
- B) Afeitárase a cabeza.
- C) Tras asinar o consentimento informaráselle dos riscos da proba.
- D) Asinará o consentimento informado.

**102. Unha paciente acode ao servizo de radioloxía de urxencias en cadeira de rodas e pídennos valorar un quiste de Baker.**

- A) Farémoslle unha radiografía de xeonllo.
- B) Farémoslle unha radiografía de ombreiro.
- C) Farémoslle unha radiografía de tibia.
- D) Farémoslle unha radiografía de cóbado.

103. Ao facerlle unha Rx de abdome a un paciente, o radiólogo ve unha acumulación anormal de fluído na cavidade peritoneal do abdome. Sabemos que, por regra xeral, está causada por trastornos de longa evolución (crónicos), como a cirrose hepática ou as metástases na cavidade peritoneal. Que nome recibe esa acumulación anormal de fluído?

- A) Acite.
- B) Hemoperitoneo.
- C) Pneumoperitoneo.
- D) Ningunha é correcta.

104. Se queremos describir a localización dunha lesión na cola da mama, diríamos que está no:

- A) CSI.
- B) CSE.
- C) CIE.
- D) CII.

105. Cando daremos por finalizado un tránsito intestinal?

- A) Cando se visualiza o sigma recheo de contraste.
- B) Cando se visualiza a área ilieocecal chea de contraste.
- C) Cando se visualiza a porción máis distal do xexuno chea de contraste.
- D) Ás dúas horas e media de empezar o estudo.

**106. Respecto a a cistouretrografía miccional, sinala a resposta INCORRECTA:**

- A) A posición é oblicua posterior dereita (OPD) a 30° no home.
- B) A posición é oblicua posterior dereita (OPD) na muller.
- C) A posición é anteroposterior ou levemente oblicua na muller.
- D) Serve para valorar a incontinencia urinaria.

**107. Chéganos ao servizo de radioloxía un neno que caeu no patio do colexio, o médico de urxencias sospeita dunha fractura de Galeazzi, que radiografía debemos realizar?**

- A) Proxección de Waters.
- B) Proxección de ósos propios do nariz.
- C) Lateral e Axial de calcáneo.
- D) AP e LAT de antebrazo.

**108. Nun paciente ao que se solicita un estudo EGD, con cal destas proxeccións se visualizaría mellor o espazo retrogástrico?**

- A) Proxección oblicua posterior esquerda.
- B) Proxección lateral dereita.
- C) Proxección posteroanterior.
- D) Proxección oblicua anterior dereita.

**109. Realizouse unha TC de abdome a unha paciente embarazada; ¿en que período do desenvolvemento o embrión é máis susceptible para que se induzan anomalías conxénitas por efecto das radiacións?**

- A) Inmediatamente antes do parto.
- B) Durante a fase de organoxénese.
- C) Antes da implantación no útero.
- D) Cando o feto está desenvolvido.

**110. Durante unha angiografía cerebral introduciuse un catéter ata a arteria carótida interna, e tomáronse imaxes contrastadas da circulación carotídea interna, ¿que tipo de angiografía é?:**

- A) Aleatoria.
- B) Valvular.
- C) Selectiva.
- D) Intravenosa.

